

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Dona Rosa M^a Crujeiras Casais, reitora magnífica da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitora polo Decreto 26/2026, do 6 de abril, actuando en nome e representación da devandita entidade.

EXPOÑEN

Que ambas as dúas institucións consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 15 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, segundo os que o profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito de empregar a lingua oficial da súa preferencia. Que o Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para normalizar o uso do galego no ensino universitario e facer efectivo este dereito para o alumnado.

Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, destinadas



a promover un maior nivel de galeguización no ámbito universitario, tanto na docencia e investigación como no que se refire ás relacións extra académicas e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que no ámbito da Administración autonómica galega, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o órgano a quen lle corresponden as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega e, a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

Que é vontade das dúas institucións colaborar para promover e fomentar o uso do galego en todos os planos da actividade universitaria galega, levando a cabo as medidas necesarias cara á formación do persoal, tanto profesorado como alumnado e de administración e servizos, para conseguir normalizar a presenza da lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela.

Que neste sentido, a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela xa no ano 1991 asinaron un convenio marco de colaboración para desenvolver diversas actuacións co fin de conseguir a normalización lingüística no ámbito universitario. Logo do tempo transcorrido, e como queira que as dúas institucións manifestaron a súa vontade de continuar colaborando, na actualidade asínanse convenios anuais para establecer o marco de actuación de ambas as institucións en materia de política lingüística.

Que para levar a cabo as actuacións que se prevén neste convenio, pola singularidade do seu obxecto, características específicas e ámbito de actuación, non é posible promover a concorrència pública, xa que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución cunha estrutura de goberno, autonomía e competencias propias establecidas por unha lei orgánica e polos seus propios estatutos.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar un convenio de colaboración no ano 2026 que se rexerá polas seguintes



ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Universidade de Santiago de Compostela para colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas para prestixiar e promover no ámbito universitario a estima do galego como feito diferencial da nosa comunidade autónoma.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia, investigación e alumnado como no que se refire a relacións extra académicas.

O programa de actuacións e actividades que se desenvolverán no ano 2026 xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

Segunda. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio, a USC comprométese a levar a cabo durante o ano 2026 as seguintes accións, que se englobarán dentro das seguintes epígrafes:

Actividades de formación

Actividade 1. Seis cursos de habilidades comunicativas, de 25 horas de duración cada un destinados ao estudantado da USC, para organizar nos Campus de Santiago de Compostela e Lugo.

Actividade 2. Obradoiros de apoderamento Lingüístico:

- Obradoiro apoderamento lingüístico, CC. Educación
- Xornada de apoderamento lingüístico, Formación Profesional
- Xornada apoderamento Lingüístico, Humanidades



Actividade 3. Curso de linguaxe xurídica simplificada para a Facultade de Dereito**Outras actividades de normalización**

Actividade 4. Continuación das campañas de apoio á redacción e defensa en lingua galega de teses de doutoramento.

Actividade 5. Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos académicos en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade, terá unha contía de 150 € por área, máis 250 € para a edición de materiais de difusión dos premios:

- Área de Ciencias da Saúde
- Área de Ciencias Sociais e Xurídicas
- Área Ciencias
- Área de Enxeñaría e Arquitectura
- Área de Artes e Humanidades

Actividade 6. Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos de fin de grao en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade cunha contía de 300 € por área:

- Área de Ciencias da Saúde
- Área de Ciencias Sociais e Xurídicas
- Área Ciencias
- Área de Enxeñaría e Arquitectura
- Área de Arte e Humanidades

Actividade 7. Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos de fin de mestrado en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade cunha contía de 500 € por área:

- Área de Ciencias da Saúde
- Área de Ciencias Sociais e Xurídicas



- Área Ciencias
- Área de Enxeñaría e Arquitectura
- Área de Arte e Humanidades

Actividade 8. Xurado dos Premios á Calidade Lingüística para traballos académicos, traballos de fin de grao e traballos de fin de mestrado.

Actividade 9. Elaboración de contidos para o curso de linguaxe xurídica

Actividade 10. Dotación dun certame literario en lingua galega, Certame Mazarelos, dirixido ao estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela. Contén tres premios, edición de textos premiados e a gala de entrega de premios

Actividade 11. Xornadas CC. Educación. Recursos Eductivos. Unha mesa redonda

Actividade 12. Difusión vocabulario termos Psicolóxicos

Actividade 13. Concurso para a creación de contidos da Galipedia (Wikipedia en galego) para toda a comunidade universitaria.

Actividade 14. Concurso de presentacións en galego para Facultade de Ciencias da Comunicación. Inclúe unha mesa redonda con gala final e dotación de premios.

Actividade 15. Ciclo de entrevistas para a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Actividade 16. Camiñadas na EPS

Actividade 17. Campaña para a extensión do uso da lingua galega nas tres universidades galegas, dirixida especialmente a estudantes de primeiro curso da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo, tanto para os galegofalantes que se incorporen á universidade como para os non galegofalantes de Galicia ou provenientes do exterior.

Actividade 18. Programa orientado aos estudantes do Grao en Educación Infantil para sensibilización sociolingüística e impulso para a transmisión interxeracional da lingua galega.

A USC comprométese a publicar e difundir debidamente os materiais científicos ou didácticos en galego obxecto deste convenio, en soporte papel e na páxina web, para poñelos á disposición do persoal investigador e do público en xeral.



Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre as diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Financiamento

O importe total das actividades previstas no convenio ascende a **106.000,00 €** que serán sufragados coa achega de ambas as dúas partes coa seguinte desagregación:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas neste convenio cunha achega total por importe de **53.000 €** con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. Esta cantidade destinarase ás seguintes accións desagregadas nas seguintes partidas orzamentarias:



- **Actividades de formación en lingua galega:**

7 cursos (6 de habilidades comunicativas e 1 curso sobre linguaxe xurídica simplificada) e 3 obradoiros: **13.360,00 €**, con cargo á partida 13.02.151A.640.2, que se destinarán para o pagamento do profesorado que imparte os cursos.

- **Outras actividades de normalización:**

Campañas, convocatorias de premios, xurados de premios, certame literario Mazarelos, difusión de vocabulario termos Psicolóxicos, xornadas, concurso de creación de contidos da Galipedia, concurso de presentacións en galego, ciclo de entrevistas, e campaña de impulso ao uso do galego nas tres universidades: **39.640,00 €**, con cargo á partida 13.02.151A.640.0.

A Universidade de Santiago de Compostela achegará a cantidade restante de **53.000,00 €** que se destinarán ao traballo do persoal técnico do Servizo de Normalización Lingüística (organización, asesoramento lingüístico, elaboración de materiais...).

A valoración das actuacións e actividades que se desenvolverán no ano 2026 xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.



Quinta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e que se indica na estipulación anterior, a USC presentará telematicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2026, a seguinte documentación:

- Certificación de quen dentro da universidade sexa competente para acreditar a realización das actividades do convenio, de que se executaron as actividades previstas, xunto coas correspondentes notas de cargo emitidas polo servizo correspondente da universidade.
- Un informe de resultados das actividades que se realizaron no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Para control das actividades que se prevén no convenio, no caso de que se elaboren materiais, reproducións ou publicacións relacionadas coas actuacións acordadas, entregárase un exemplar destas.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

A USC utilizará o galego en todas as comunicacións que no marco deste Convenio estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.



Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, deberá presentar:

- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda.
- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Universidade facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (BOE núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



Sétima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Oitava. Imposibilidade de promover a concorrencia pública.

O Plan estratéxico de convenios de colaboración para subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega para o ano 2026, no seu apartado 7 dispón que, o que se persegue coa sinatura dos convenios é promover e fomentar a lingua e a cultura galegas coa finalidade de que estea presente en todos os ámbitos e sectores sociais e económicos da Comunidade Autónoma, garantindo que calquera cidadán ou cidadá poida vivir plenamente en galego, establecendo entre as partes do convenio unha colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos. A imposibilidade de promover a concorrencia pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polas diferentes entidades ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán realizar levar a cabo pola Universidade de Santiago de Compostela no seu ámbito de actuación e, se temos en conta que a colaboración no proceso normalizador tamén se fai extensiva as restantes universidades -Universidade da Coruña, Universidade de Vigo- mediante a sinatura



de convenios, non resulta posible promover a concorrência pública para a realización das actividades previstas en este convenio.”

Novena. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus acordos.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, de ser o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas e os correspondentes xuros.

Décima. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décima primeira. Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento que supervisará e avaliará a correcta execución das actividades obxecto deste convenio, que se constituirá con dúas persoas representantes da Secretaría Xeral da Lingua, que nomee o seu titular, e dúas persoas representantes da USC.

Esta comisión, que presidirá unha das persoas representantes da Secretaría Xeral da Lingua, estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos que se adopten neste sentido serán inmediatamente executivos.



Décimo segunda. Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística.

Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei. Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Décimo terceira. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que



representen unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e, os/as empregados/as das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado/a público/a.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de



acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) segundo específica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.



A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude A reitora magnífica da Universidade
de Santiago de Compostela

José Carlos López Campos

Rosa M^a Crujeiras Casais



ANEXO

ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN:

- **Actividade 1.** Seis cursos de habilidades comunicativas, de 25 horas de duración cada un destinados ao estudiantado da USC, para organizar nos Campus de Santiago de Compostela e Lugo: 10.500,00 €.

- **Actividade 2.** Obradoiros de apoderamento Lingüístico:

a)Obradoiro apoderamento lingüístico, CC. Educación

b)Xornada de apoderamento lingüístico, Formación Prof.

c)Xornada apoderamento Lingüístico, Humanidades

Total da actividade 2: 2.060 €

- **Actividade 3.** Curso de linguaxe xurídica simplificada para a F. de Dereito

Total da actividade 3: 800 €

Total actividades de formación: 13.360,00 €

OUTRAS ACTIVIDADES DE NORMALIZACIÓN:

- **Actividade 4.** Continuación das campañas de apoio á redacción e defensa en lingua galega de teses de doutoramento: 4.000,00 €

- **Actividade 5.** Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos académicos en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade, terá unha contía de 150 € por área, máis 250 € para a edición de materiais de difusión dos premios: 1.000,00 €

- Área de Ciencias da Saúde
- Área de Ciencias Sociais e Xurídicas
- Área Ciencias
- Área de Enxeñaría e Arquitectura
- Área de Artes e Humanidades



- **Actividade 6.** Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos de fin de grao en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade cunha contía de 300 € por área: 1.500,00 €

Área de Ciencias da Saúde

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

Área Ciencias

Área de Enxeñaría e Arquitectura

Área de Arte de Humanidades

- **Actividade 7.** Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos de fin de mestrado en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade cunha contía de 500 € por área: 2.500,00 €

Área de Ciencias da Saúde

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

Área Ciencias

Área de Enxeñaría e Arquitectura

Área de Arte e Humanidades

- **Actividade 8.** Xurado dos Premios á Calidade Lingüística para traballos académicos, traballos de fin de grao e traballos de fin de mestrado: 1.700,00 €

- **Actividade 9.** Elaboración de contidos para o curso de linguaxe xurídica: 1.940,00 €

- **Actividade 10.** Dotación dun certame literario en lingua galega, Certame Mazarelos, dirixido ao estudantado da Universidade de Santiago de Compostela. Contén tres premios, edición de textos premiados e a gala de entrega de premios: 2.500,00€

- **Actividade 11.** Xornadas CC. Educación. Recursos Educativos. Unha mesa redonda: 600,00€

- **Actividade 12.** Difusión vocabulario termos Psicolóxicos: 500,00 €

- **Actividade 13.** Concurso para a creación de contidos da Galipedia (Wikipedia en galego) para toda a comunidade universitaria: 4.000,00 €

- **Actividade 14.** Concurso de presentacións en galego para a Facultade de Ciencias da Comunicación. Inclúe unha mesa redonda con gala final e dotación de premios: 1.500,00€



- **Actividade 15.** Ciclo de entrevistas para a Facultade de Ciencias da Económicas e Empresariais: 1.000,00€

- **Actividade 16.** Camiñadas na EPS: 900,00€

- **Actividade 17.** Campaña para a extensión do uso da lingua galega nas tres universidades galegas, dirixida especialmente a estudantes de primeiro curso da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo, tanto para os galegofalantes que se incorporen á universidade como para os non galegofalantes de Galicia ou provenientes do exterior: 10.000,00 €

- **Actividade 18.** Programa orientado aos estudantes do Grao en Educación Infantil para sensibilización sociolingüística e impulso para a transmisión interxeracional da lingua galega: 6.000,00€

Total de outras actividades de normalización: 39.640,00 €

Total achega da Xunta de Galicia: 53.000,00 €

Total achega USC: 53.000,00€

Inclúe o traballo do persoal técnico do Servizo de Normalización Lingüística (organización, asesoramento lingüístico, elaboración de materiais, etc.).

Total das actividades do convenio: 106.000,00€

